



PREGUNTA ORAL SOBRE A CELEBRACIÓN DO CIRCUÍTO DE CARREIRAS SAUDABLES “CORRESAN”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2012, e con lixeiras variacións na súa configuración, vense celebrando por parte do Concello de Santiago o circuítio de carreiras saudables “CorreSAN”, concibida como un incentivo para realizar unha actividade física saudable e contribuír ao benestar e a calidade de vida, non só da veciñanza de Santiago, senón tamén doutros concellos galegos e mesmo de fóra de Galicia.

Este conxunto de probas que se veñen sucedendo ao longo do ano, preferentemente entre os meses de maio e outubro, na procura do mellor tempo, engaden ao seu intrínseco interese deportivo un indubidable valor de promoción da cidade, ao actuar como un atractivo para a visita de moitas persoas que –en solitario ou en grupos- programan con antelación a súa participación e mesmo en moitas ocasións a súa estancia na nosa cidade por máis de un día, aproveitando a cita deportiva. Por este motivo –e tamén polo interese dunha mínima preparación física- resulta do máximo interese programar e dar a coñecer canto antes o calendario das probas, cuestión que entendemos non se está a ter en conta polo actual Goberno, posto que a estas alturas aínda non se ten adiantado nada ao respecto e ata na páxina web do “CorreSAN” figuran aínda as datas da edición do 2016 que ao non citar expresamente o ano na portada mesmo poden inducir a erro.

Tendo en conta o anterior, formulamos a seguinte pregunta:

Cal é motivo polo que a estas alturas do ano non se ten dado a coñecer publicamente a programación do circuítio de carreiras saudables “CorreSAN” e cales son as datas previstas para as distintas carreiras?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017

María Corral López
Concelleira do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela